

tas correctas para obter a devandita puntuación na quenda de acceso libre.

Quinto.-Realizar os trámites oportunos para a publicación das puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao segundo exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría 004 (auxiliar de fogar// coadador/a auxiliar e outras) do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e de acceso libre, no auditorio do recinto da Feira Internacional de Silleda, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)).

Sexto.-Que, de acordo co disposto na base II.2.2 da orde de convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas con relación ás puntuacións no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétimo.-Informar os aspirantes que superaron o segundo exercicio que dispoñen dun prazo de vinte (20) días naturais, contados desde o seguinte á data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución, para presentaren a documentación relativa á fase de concurso, de conformidade co que establecen as bases II.1.5 e II.1.6 das convocatorias do proceso selectivo polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e de acceso libre respectivamente.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2007.

Ángeles Vidal Ruiz  
Presidenta do tribunal

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Anuncio do 10 de outubro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazos de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidades de administración e dirección de empresas, organización e procesos de mantemento de vehículos, procesos e produtos en artes gráficas e sistemas electrónicos; profesores de música e artes escénicas especialidades de acordeón, arpa, canto, contrabaixo, clave, fagot, frauta de pico, gaita, óboe, percusión, trombón e viola da gamba.*

Primeiro.-Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para os seguintes corpos e especialidades:

### 1. Corpo de profesores de ensino secundario.

Especialidade	Titulación
Administración e dirección de empresas	Licenciado en: -Dereito, especialidade económico-empresarial. -Económicas. -Economía. -Administración e dirección de empresas. Diplomado en: -Ciencias empresariais. -Xestión e administración pública. Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas.
Organización e procesos de mantemento de vehículos	Diplomatura en: -Navegación marítima. -Radioelectrónica naval. -Máquinas navais. Enxeñaría técnica: -Aeronáutica, en todas as súas especialidades. -Agrícola, en todas as súas especialidades. -Forestal, en todas as súas especialidades. -Minas, en todas as súas especialidades. -Naval, en todas as súas especialidades. -Obras públicas, en todas as súas especialidades. -Industrial, en todas as súas especialidades. Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas.
Procesos e produtos en artes gráficas	Licenciatura en: -Xornalismo. -Publicidade e relacións públicas. -Comunicación e audiovisual. -Químicas. Enxeñaría química. Enxeñaría técnica: -Deseño industrial. -Forestal, especialidade en industrias forestais. -Industrial, especialidade en química industrial. Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas.
Sistemas electrónicos	Diplomatura en radioelectrónica naval. Enxeñaría técnica: -Aeronáutica, especialidade en aeronavegación. -Informática de sistemas. -Industrial, especialidade en electricidade ou electrónica industrial. -Telecomunicacións, en todas as súas especialidades. Licenciatura en física, especialidade electrónica e especialidade en optoelectrónica. Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas.

### 2. Corpo de profesores de música e artes escénicas.

Especialidade	Titulación* Os titulados de profesor superior terán preferencia sobre os titulados de profesor do plan do ano 1966 aínda que o baremo sexa inferior.
Acordeón	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Arpa	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Canto	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Contrabaixo	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Clave	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Fagot	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.

Especialidade	Titulación*
	Os titulados de profesor superior terán preferencia sobre os titulados de profesor do plan do ano 1966 aínda que o baremo sexa inferior.
Frauta de pico	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Gaita	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Óboe	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Percusión	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Trombón	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Viola da gamba	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.

#### Segundo.-Prazo de solicitude.

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Terceiro.-Modelo de solicitude.

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais, e está á disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo [http://www.edu.xunta.es/profesorado/interinos-substitutos/convocatorias\\_apertura\\_de\\_listaxes\\_de\\_substitutos\\_servizo\\_de\\_secundaria\\_\(documentos\\_relacionados\)](http://www.edu.xunta.es/profesorado/interinos-substitutos/convocatorias_apertura_de_listaxes_de_substitutos_servizo_de_secundaria_(documentos_relacionados)).

#### Cuarto.-Comisión baremadora.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Poderán asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

#### Quinto.-Requisitos dos candidatos:

-Estar en posesión do título especificado na base primeira.

-Acreditar o certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou equivalente.

Non obstante o anterior, poderán presentar solicitudes aquelas persoas que, posuíndo as titulacións sinaladas para cada especialidade, non posúan o certificado de lingua galega 4 ou equivalente. Estes candidatos poderán ser seleccionados, en defecto de candidatos deberán superar, no prazo máximo de dous anos desde que sexan nomeados, o certificado de lingua galega 4. A superación do dito certificado deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.-O baremo de acordo coa addenda asinada cos sindicatos da Mesa Sectorial Docente o 11 de xullo de 2006 será o publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado no DOG.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2007.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

*Corrección de erros.-Anuncio do 11 de outubro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións como profesores especialistas en ensinanzas deportivas, nas especialidades de fútbol e fútbol sala.*

Advertidos erros no devandito anuncio publicado no DOG nº 202, do 18 de outubro de 2007, é necesario efectuar a seguinte modificación,

Onde di:

«-Especialidade: fútbol.

Titulación: licenciado na actividade física e o deporte ou equivalente (INEF) que teña a titulación de técnico deportivo superior en fútbol e tamén experiencia como adestrador.

-Especialidade: fútbol sala.

Titulación: licenciado na actividade física e o deporte ou equivalente (INEF) que teña a titulación de técnico deportivo superior en fútbol sala e tamén experiencia como adestrador.»

Debe dicir:

«-Especialidade: fútbol.

Titulación: licenciado na actividade física e o deporte (INEF) que teña a titulación de técnico deportivo en fútbol ou equivalente e tamén experiencia como adestrador.

-Especialidade: fútbol sala.

Titulación: licenciado na actividade física e o deporte ou equivalente (INEF) que teña a titulación de técnico deportivo en fútbol sala ou equivalente e tamén experiencia como adestrador.»